

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

20067 *Real decreto 1716/2010, do 17 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles.*

A regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, aprobada polo Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, establece as características do aceite refinado de xirasol. Esta disposición foi modificada, por última vez, polo Real decreto 478/2007, do 13 de abril, polo que se modifica o Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, no referente ás características fisicoquímicas aplicables aos aceites refinados de xirasol, para adecuar os criterios técnicos exhibibles a estes aceites ás características reais das variedades de xirasol existentes naquel momento.

Na actualidade cómpre unha nova modificación da regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles para adaptar a composición do aceite refinado de xirasol á dos aceites procedentes das novas variedades de xirasol producidas ou importadas legalmente, que teñen un alto contido en ácido esteárico e en ácido oleico de forma simultánea. Con isto, o produto, que manterá a súa denominación de venda (aceite refinado de xirasol), poderase caracterizar de forma máis correcta e facilitarase a súa identificación.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados, e emitiu informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto foi sometido ao procedemento de información previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora ao ordenamento xurídico nacional a Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade e do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 17 de decembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles.*

Engádese unha disposición derradeira única ao Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, co seguinte texto:

«Disposición derradeira única. Facultade de desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar as características dos aceites establecidas no punto V.3. Características que deben cumprir os aceites de sementes da regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles co fin de as adecuar á evolución dos criterios e avances técnicos nesta materia e, se for o caso, ao disposto na normativa comunitaria.»

Artigo segundo. *Modificación da regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, aprobada polo Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro.*

A regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles, aprobada polo Real decreto 308/1983, do 25 de xaneiro, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o punto V. 3. (Características que deben cumprir os aceites de sementes da regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles) engadindo un novo punto co seguinte texto:

«V.3.3. Probas de pureza dos aceites de xirasol alto esteárico-alto oleico.

Estes aceites cumprirán coas características establecidas no anexo «Probas de pureza dos aceites de xirasol procedente de sementes con alto esteárico-alto oleico. Características que deben cumprir estes aceites», que se engade a esta regulamentación.

Por tanto, os aceites refinados de xirasol deberán cumprir ou ben o conxunto das características de pureza establecidas no punto V.3.2. ou ben o conxunto das características de pureza establecidas no punto V.3.3.»

Dous. Engádesse un anexo á regulamentación técnico-sanitaria de aceites vexetais comestibles co seguinte texto:

«ANEXO

Probas de pureza dos aceites de xirasol procedentes de sementes con alto esteárico-alto oleico

Características que deben cumprir estes aceites.

Índice de iodo (método de Hanus): de 55 a 72

Índice de refracción (a 25 °C): de 1,462 a 1,467

Ácidos graxos saturados en posición β : $\leq 1,5\%$

Composición porcentual de esteroides sobre o contido total destes, determinados por cromatografía gasosa con columna capilar. Método ISO 12228: 1999.

Composición de esteroides	Porcentaxe (%)
Colesterol	$\leq 0,5$
Brasicasterol	$\leq 0,2$
Campesterol	De 5,0 a 13,0
Estigmasterol	De 4,5 a 13,0
β -Sitosterol	De 42,0 a 70,0
$\Delta 5$ -Avenasterol	De 1,5 a 6,9
$\Delta 7$ -Estigmastenol	De 6,5 a 24,0
$\Delta 7$ -Avenasterol	De 3,0 a 9,0
Outros esteroides	$\leq 9,5$

Esteroides totais (ppm): de 1700 a 5200.

Composición porcentual dos ésteres metílicos sobre o total dos ácidos graxos, determinados por cromatografía de gases con columna capilar. ISO 5508:1990 e ISO 5509:2000.

Composición de ácidos graxos	Porcentaxe (%)
C12:0	≤ 0,1
C14:0	≤ 0,1
C16:0	3,5 - 6,5
C16:1 (1)	≤ 0,3
C17:0	≤ 0,2
C17:1	≤ 0,1
C18:0	15 - 36,5
C18:1 (1)	> 50
C18:2 (1)	4 - 7
C18:3 (1)	≤ 0,5
C20:0	≤ 2,3
C20:1	≤ 0,5
C22:0	≤ 2,7
C24:0	≤ 0,5

(1) Suma de isómeros.

Nos valores máximos e mínimos dos límites establecidos están incluídas as marxes de repetibilidade e reproducibilidade dos métodos de análise empregados.»

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases de coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO